




RÍO ARNOIA E ALLARIZ

Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2025



Distancia: Río Arnoia (8 km ida e volta) Allariz: variable
Dificultade: baixa



O **Arnoia** é o río que drena a cunca máis ampla da provincia de Ourense. Nace na serra de San Mamede e, despois dun percorrido de 87 km, xúntase co Miño en Quinzeiros (Arnoia). Acolle interesantes espazos naturais cunha rica flora e fauna, e importantes manifestacións artísticas e etnográficas: pontes, presas, pasais, muíños, fábricas de curtidos, noras...

O río foi intensamente aproveitado para mover todo tipo de mecanismos tradicionais e máis tarde para xerar enerxía eléctrica en pequenas centrais.

O Arnoia cruza a vila de Allariz de leste a oeste ao longo de 12 km. Foi o motor principal da economía da vila e agora é fonte de lecer coñecemento e recoñecemento.

A **vila de Allariz** foia habitada desde tempos antigos e conserva unha forte pegada medieval no seu casco urbano. Foi residencia de reis no Medievo, entre eles Alfonso X O Sabio.

No ano 1971, o casco histórico foi declarado Conxunto Histórico Artístico. Despois dunha grande rehabilitación recibiu o Premio Europeo de Urbanismo (1994).

Pasear polas súas coidadas rúas resulta un pracer, gozando dos antigos edificios e do bo ambiente. Todo o concello é digno de ser visitado e coñecido.



1 O RÍO ARNOIA desde Acea Rica ata O Briñal.

Un percorrido circular polas dúas beiras do río que se pode facer de varias maneiras, con paradas en puntos de interese. Propoñemos comezar pola beira dereita do río, na Alameda á altura da oficina de turismo (onde podemos pedir información e mapas). A primeira parada témola no **Museo do Coiro**, que podemos visitar, máis adiante chegamos ás instalacións dunha **nora** e unha ponte de madeira que cruza o río. Seguimos pola zona do recinto do **Festival Internacional dos Xardíns**, e chegamos logo a unha unha ponte de madeira para cruzar o río.

Seguimos pola beira pola que viñamos e pasamos por unha zona de bosque de ribeira ata chegar ao **Briñal**. Atoparemos unha poldras tradicionais e un antigo muíño. Cruzamos o río por unha pontella tradicional e vimos de volta pola marxe esquerda. Pasamos a carón dunha **zona deportiva** e camiñamos ata pasar a estrada; chegamos ao **muíño do Burato** onde podemos facer unha parada para ver o muíño por dentro e o **museo** do tecido. Seguimos pola **área de lecer e deporte de Vilanova**, a **Ponte de Vilanova**, a **área de lecer do Arnado** e chegamos á praia fluvial e restos do muíño da **Acea Rica**, onde cruzamos de novo o río para volver ao punto de partida.

O **Parque Etnográfico do Río Arnoia** está formado por tres elementos: Muíño do Burato, Museo do Tecido “O Fiadeiro” e Museo do Coiro “Fábrica de Curtidos Familia Nogueiras”. Responde a unha idea de recuperación e integración dos elementos do patrimonio etnográfico xeradas ao redor do río Arnoia na vida da vila de Allariz.



O Arnoia en Allariz, en Acea Rica. Unha agradable zona de baño e lecer onde se conservan os restos de varios muíños, algún dun grande tamaño.





Ponte de Vilanova de traza orixinal románica, se ben sufriu varias reconstrucións.



O Arnoia en Allariz



Nora



Museo do Coiro “Fábrica de Curtidos Familia Nogueiras”. Na zona dedicada a museo pódense ver as pías do curtidoiro e as ferramentas empregadas neste oficio. No piso superior do edificio hai un obradoiro onde un artesán traballa o coiro e unha zona onde se imparten cursos.

Muíño do Burato, un muíño de turbina, con dúas moas, unha delas con motor eléctrico; hoxe convertido en museo activo



Pontella do Briñal, onde cruzamos o Arnoia para volver no percorrido pola beira do río

2 A VILA DE ALLARIZ

Podemos percorrer algunha das rutas recomendadas ou perdernos polas rúas deténdonos nos elementos máis importantes: igrexas, casas antigas, museos, castelo... Na vila aínda se conservan restos da **muralla** de finais do século XV. En Allariz hai unha importante rede de museos, ademais do ligados ao río Arnoia, hai outros en distintos puntos da vila, da Moda, do Xoguete, de Arte Sacro. Se quixésemos facer unha estancia de varios días poderíamos seguir o río Arnoia, achegarnos a Augasantas ou a a outras parroquias do concello.



Igrexa de Santiago, románica do século XII.



Igrexa de San Pedro. De orixe románica.





Convento da Santa Clara. Fundado en 1268 pola raíña Violante, esposa de Alfonso X o Sabio. A actual reconstrución é do XVIII. Non é posible acceder máis que á igrexa e ao **Museo de Arte Sacro** que contén dúas pezas de máximo interese: a “Virxe Abrideira” e a “Cruz de Cristal de Rocha”.



Igrexa de Santa María de Vilanova, de orixe románica.



Igrexa de Santo Estevo, románica do século XII.



Restos do Castelo no Penedo da Vela, unha atalaia natural con vistas panorámicas.



Casa do Concello



A Paneira edificio que acolleu un monte de piedade, institución de crédito agrícola que funcionou entre os séculos XV e XVIII.